

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL

MOS

Subvencións e axudas

BASES DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “QUEDA EN MOS III”, DIRIXIDO A EMPRESAS PARA OCUPACIÓNS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN IMPARTIDA

A ORDE do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), establece no seu artigo primeiro relativo ao obxecto da subvención, o seguinte:

“Esta Orde, ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, para o ano 2024, en réxime de concorrència competitiva, das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), concibidos como programas de formación, práctica profesional e, no caso dos concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes, para incentivos á contratación en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.”

O devandito artigo 1, no seu parágrafo 4, establece que, se valora, no caso dos Concellos, que se promova a inserción laboral por conta allea das persoas participantes que rematen o obradoiro con resultado de apto durante un mínimo de 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia. No seu caso, as entidades promotoras deberán publicar unha convocatoria de axudas á inserción laboral, a través de incentivos á contratación.

O Capítulo IV da Orde (Art. 15), regula os incentivos á contratación, nos termos seguintes:

1. Poderán solicitar o incentivo á contratación os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello. O número máximo de incentivos estará limitado ao número de persoas para as que se presente un compromiso de solicitude por parte de empresas do ámbito das materias impartidas e do ámbito territorial de Galicia.
2. O obxecto dos incentivos á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego. No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación, deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego. Na tramitación dos expedientes de concesión dos incentivos, as entidades locais deberán ter en conta o réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE)nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). No anexo V achégase un modelo orientativo de convocatoria.
3. A contratación laboral terá unha duración dun mínimo de 3 meses a xornada completa, e deberá comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego, polo que a publicación da convocatoria deberá ser realizada con suficiente antelación.

Tendo en conta os anteriores pronunciamentos da Orde Reguladora dos Obradoiros Duais de Emprego, a Alcaldesa do Concello de Mos acordou a publicación da seguinte convocatoria de:

BASES DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO, DIRIXIDO A EMPRESAS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO



PRIMEIRA. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

(1) Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

(2) O Concello de Mos está a desenvolver un Obradoiro dual de emprego denominado “Queda en Mos III”, que iniciou a súa actividade o 13/12/2024 e remata o 12/09/2025. Conta con 20 alumnas/os traballadoras/es, que están a traballar e formándose nas seguintes especialidades:

- 10 Alumnas/os traballadoras/es da especialidade de Carpintería 3D; Certificado de profesionalidade MAMD0209: Traballos de carpintería e moble e Certificado de profesionalidade MAMS0108: Instalación de elementos de carpintería.

(3) 10 Alumnas/os traballadoras/es da especialidade de Márketing e Comunicación Dixital; Certificado de profesionalidade IMSV0209: Desenvolvemento de produtos multimedia interactivos.

(4) A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, outorgou ao Concello de Mos unha subvención por un importe de 30.000 € para incentivos á contratación.

Anualidade	Certificado	Número de contratos	Importe subvención
2024	Marketing Dixital e Multimedia	10	10 x 1.500 € = 15.000 €
2024	Carpintería 3D	10	10 x 1.500 € = 15.000 €
TOTAL		20 contratos	10 x 1.500 € = 30.000 €

(5) A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses, e deberá comezar nos quince días seguintes á finalización do Obradoiro dual de emprego. Data remate Obradoiro: 12/09/2025.

(6) A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

SEGUNDA. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

(1) Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica.

(2) A **actividade da empresa deberá estar directamente relacionada coa formación impartida** no obradoiro dual de emprego “Queda en Mos III”, e **contratar traballadoras ou traballadores por conta allea** para prestar servizos en **centros de traballo radicados no ámbito territorial do obradoiro dual de emprego (Concello de Mos)**.

(3) No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lles correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

(4) Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

(5) Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia:



- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
 - b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.
 - d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
 - e) Non estar ao corrente no cumprimento dos obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Mos, nos termos regulamentariamente establecidos.
 - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
 - h) Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
 - i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
 - j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
- (6) Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- (7) A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizárase mediante declaración responsable.
- (8) Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que incumplan o establecido na Lei 9/2013 do Emprendemento.

TERCEIRA. Contía dos incentivos

- (1) Os contratos temporais incentívanse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa, realizando sempre dentro de los 15 días seguintes á finalización do Obradoiro.
- (2) Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

CUARTA. Exclusiones

- (1) Exclúense dos beneficios regulados neste programa:
 - As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas



mediante contratos de posta a disposición.

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

QUINTA. Prazos e solicitudes

(1) As solicitudes de axudas polas contratacións obxecto de subvención deberán presentarse no prazo de **15 días naturais** a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no BOPPO, en calquera dos rexistros indicados na Ley 39/2015 de procedemento administrativo común. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

(2) Sen prexuízo do anterior, esta convocatoria será publicada tamén na Sede Electrónica do Concello do Mos.

(3) As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Mos, debendo presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

(4) A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Mos, segundo o establecido no artigo 20 da lei 9/2007 do 13 do xuño de subvencións de Galicia.

SEXTA. Xustificación e pagamento

(1) O pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión.

(2) A empresa ou empresas adxudicatarias da subvención deberán manter no cadro de persoal aos/as traballadores/as contratados ao abeiro destas bases durante un prazo de 3 meses contado desde o inicio da contratación (sendo a data límite para o inicio da contratación o **día 3 de outubro de 2025**).

(3) A documentación para presentar é a seguinte:

- Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.
- Copia do contrato de traballo obxecto de subvención.



- Copia da alta na Seguridade Social e IDC.
- Copia das nóminas abonadas aos traballadores.
- Documento bancario acreditativo do ingreso do salario aos traballadores.
- Seguros sociais e resgardo acreditativo do pago dos seguros sociais.
- Número de conta bancaria (IBAN) onde se vai ingresar a subvención.
- Vida laboral da empresa ou documento xustificativo do incremento neto do emprego respecto do mes anterior á contratación.

(4) No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade local, Concello de Mos, no prazo de 7 días desde que se produza.

(5) Presentada a documentación pola empresa, será o Concello de Mos quen realice o pago da subvención á empresa ou empresas adxudicatarias, que devolverán copia do xustificante bancario acreditativo do ingreso da subvención.

(6) Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Mos ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

SÉTIMA. Obrigas das entidades beneficiarias

(1) Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no Obradoiro dual de emprego “Queda en Mos III”.

(2) Manter no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos obradoiros duais de emprego no prazo de 7 días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

(3) Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao de realización da contratación pola que se solicita a subvención.

Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

(4) As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, por la empresa correspondiente.

(5) Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

OITAVA. Competencia

(1) A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá á/ao Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos Técnicos del Departamento responsable, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polas entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases.

NOVENA. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

(1) O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.



(2) Existen razón de **interese público, social, económico e humanitario** que dificultan a súa convocatoria pública, baseadas en que o alumnado/traballador do Obradoiro dual de emprego “Queda en Mos III”, recibiron unha formación teórico-práctica durante os nove meses de duración do programa, e a través deste programa de incentivos adquirirán a experiencia laboral necesaria para poder desenvolver un traballo relacionado coa formación adquirida. Trátase dun grupo limitado en número e un colectivo con dificultades de inserción, polo que se entende como un programa de fomento de emprego dirixido a un colectivo con dificultades de inserción.

(3) A concesión da axuda realízase por orde de entrada de solicitudes e pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario, que ascende a 30.000 €, tal como se especifica na base Décimo Cuarta das presentes bases.

DÉCIMA. Resolución e recursos

(1) As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

(2) O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

(3) Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

(4) As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

UNDÉCIMA. Incompatibilidades e concorrencia

(1) As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

(2) Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DUODÉCIMA. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

(1) Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(2) Os obrigas de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

(3) Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cesara na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

DÉCIMO TERCEIRA. Devolución voluntaria da subvención

(1) De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.



(2) En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

DÉCIMO CUARTA. Financiamento

(1) As accións incluídas nesta convocatoria serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 24103.470049 (Exercicio 2024) do Orzamento municipal vixente, ascendendo a contía máxima da convocatoria a 30.000 € equivalente á previsión dunha axuda de 1.500 € por alumno participante no obradoiro contratado.

Nidia María Arévalo Gómez
Alcaldesa do Concello de Mos

Aprobadas por Acordo de Xunta Municipal de Goberno de data 01.08.2025

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

